



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de Educación Infantil e Primaria Fontiñas

Rúa de Roma, 21 - 15 707 Santiago de Compostela

E. Primaria 981 56 07 41

E. Infantil 981 57 34 81

ceip.fontinhas@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdasfontinas>

ADMISIÓN DE ALUMNOS PARA O CURSO 2009 – 2010

A Consellería de Educación, na súa Orde do 17 de marzo de 2007 (DOG. 19 de marzo), ven de regular o procedemento para a admisión do alumnado de E. Infantil e Primaria. Para unha boa marcha deste proceso sería necesario ter en conta o seguinte:

1. Solicitudes.

- o O prazo de presentación de solicitudes de admisión será do 2 de ao 31 de marzo.
- o As solicitudes axustaranse ao modelo oficial que se publica como anexo II á citada orde. Este será facilitado neste centro e poderá descargarse na páxina web da consellería de Educación.
- o Cada solicitante presentará unha única solicitude, dirixida á dirección do centro, nela poderán relacionarse ata seis centros por orde de preferencia, entregando esta no colexio que solicita en primeiro lugar.
- o Na mesma solicitude os pais, nais ou titores legais deberán manifestar se desexan ou non utilizar o servizo complementario de comedor.
- o As solicitudes presentadas fóra de prazo perderán prioridade en relación coas presentadas no prazo establecido e serán remitidas por este centro á comisión de escolarización.
- o Os pais, nais ou titores legais deberán manifestar se optan a unha praza para alumno ou alumna con necesidades educativas especiais achegando, se for o caso, a documentación que acredite as circunstancias alegadas.
- o Unha solicitude será ineficaz cando se presente máis dunha no mesmo centro ou en centros diferentes, tamén o será cando se comprobe a falsidade ou uso fraudulento da documentación achegada polo interesado ou interesada.

2. Calendario de matrícula.

- o Os pasos a seguir para formalizar a matrícula son os que se atopan reflectidos no calendario que se xunta como anexo a esta nota.

3. Servizo de comedor e “ madrugadores”.

- o Este curso está a funcionar o servizo de comedor escolar e madrugadores organizado pola ANPA para os seus afiliados, polo que todos os que desexen facer uso deles han de solicitalo mediante un impreso que se lles facilitará no centro e será entregado debidamente cuberto, xunto coa demais documentación, na secretaría do centro.
Os alumnos de tres anos procurarán no facer uso destes servizos durante o período de adaptación dos mesmos.

4. Información do proceso.

- o Toda a información deste proceso estará exposta no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web do mesmo (<http://centros.edu.xunta.es/ceipdasfontinas>).
- o Tamén poderá aclarar calquera dúbida que se lles presente poñéndose en contacto coa secretaría ou dirección deste centro.

Santiago 27 de febreiro de 2009

O Director

Asdo. Santiago Conde Arosa